

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

RESOLUCIÓN do 11 de setembro de 2025, da Área de Deseño de Infraestruturas, pola que se fai pública a aprobación do expediente de información pública e definitivamente o proxecto de trazado dos traballos de minoración da xeración de efluentes ácidos na contorna do desmonte dos Airíos e o viaduto do Eume, de clave AC/22/108.09.

O director da Axencia Galega de Infraestruturas, por delegación da conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Orde do 7 de setembro de 2017; *Diario Oficial de Galicia* do 20 de setembro), vista a documentación recibida durante o trámite de información pública, ditou o 9 de setembro de 2025 a seguinte resolución:

«Resolución pola que se aproba o expediente de información pública e definitivamente o proxecto de trazado dos traballos de minoración da xeración de efluentes ácidos na contorna do desmonte dos Airíos e o viaduto do Eume, de clave AC/22/108.09.

Antecedentes de feito:

Primeiro. O obxecto da actuación é a xustificación e definición das obras que se van realizar para minorar a xeración de efluentes ácidos na contorna do desmonte dos Airíos e o viaduto do Eume, á altura do punto quilométrico (p.q.) 35+500 da AG-64, ao seu paso polo termo municipal das Pontes de García Rodríguez. Estas augas acidificadas desembocan no río Eume, polo que a finalidade da actuación é reducir estas na súa orixe, e implantar un tratamento pasivo para minimizar a xestión a longo prazo destes caudais ácidos e evitar problemas ambientais.

Segundo. No *Diario Oficial de Galicia* (DOG) núm. 127, do 4 de xullo de 2025, publicouse o Anuncio do 17 de xuño de 2025 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de trazado dos traballos de minoración da xeración de efluentes ácidos na contorna do desmonte dos Airíos e o viaduto do Eume, de clave AC/22/108.09, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto.

Terceiro. Durante o período de información pública e petición de informes ás administracións afectadas, non se recibiron nin alegacións de particulares nin informes das admi-



nistracións consultadas. A dirección do proxecto, co visto e prace da Área de Deseño de Infraestruturas, emite, o 9 de setembro de 2025, o informe de resposta ás alegacións e a proposta de resolución para a aprobación definitiva do expediente de información pública e do proxecto de trazado.

Fundamentos de dereito:

Primeiro. A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas é competente para resolver os expedientes de información pública en materia de estradas e informes das administracións afectadas, de acordo co Decreto 118/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería. Esta competencia atópase delegada na persoa titular da dirección da Axencia Galega de Infraestruturas, segundo o artigo 8.1.b) da Orde do 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritos a esta consellería (DOG núm. 179, do 20 de setembro).

Segundo. Someteuse ao trámite de información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra, durante un período de quince (15) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio no DOG, para os efectos previstos no artigo 56.1 do Regulamento de expropiación forzosa.

De acordo con todo o exposto, e logo do informe emitido e dos certificados presentados,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar o expediente de información pública dos traballos de minoración da xeración de efluentes ácidos na contorna do desmonte dos Airíos e o viaduto do Eume, de clave AC/22/108.09.

Segundo. Aprobar definitivamente o proxecto de trazado dos traballos de minoración da xeración de efluentes ácidos na contorna do desmonte dos Airíos e o viaduto do Eume, de clave AC/22/108.09, sen modificacións respecto á relación de bens e dereitos afectados recollidos no documento sometido á información pública.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses, contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administra-



tiva; sen prexuízo de que con carácter previo e potestativo poida formular un recurso de reposición no prazo dun (1) mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. No caso de ser un suxeito obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración para a interposición do recurso de reposición deberá empregar o modelo IF321B de recurso en materia de infraestruturas dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.gal/> ante a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas».

O que se fai público para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2025

Carlos Lefler Gullón
Xefe da Área de Deseño de Infraestruturas

CVE-DOG: rjim29f4-utx9-afx1-nka3-tcvnko09zc75

